

agrupar desagrupar

rupturas da representación

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Santiago de Compostela

Comisarios: Ángel Cerviño e Alberto González-Alegre

Inauguración: 22 de abril ás 20:00 h

Do 22 de abril ao 26 de xuño de 2016

Hall, planta primeira

O día da inauguración, ás 19 horas, terá lugar unha conversa entre os artistas Pamen Pereira e Isaac Pérez Vicente e os comisarios da exposición, Ángel Cerviño e Alberto González-Alegre.

Comisarios: Ángel Cerviño y Alberto González Alegre

Inauguración: 22 de abril a las 20:00 h

Del 22 de abril al 26 de junio de 2016

Hall, planta primera

El día de la inauguración, a las 19 horas, tendrá lugar una conversación entre los artistas Pamen Pereira e Isaac Pérez Vicente y los comisarios de la exposición, Ángel Cerviño y Alberto González-Alegre.

agrupar desagrupar

rupturas da representación

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA


22 abril / 26 xuño 2016

Hall, planta primeira

A escena galega das artes plásticas coñeceu durante a década dos oitenta un verdadeiro florecemento, unha auténtica explosión creativa, coa aparición do grupo Atlántica. Hoxe está perfectamente establecido que, no tocante á renovación das prácticas artísticas no noso país, o movemento Atlántica foi un fenómeno crucial, e 1980 a data dun cambio de rumbo que chega ata hoxe mesmo.

O outro acontecemento verdadeiramente significativo, para o desenvolvemento da actividade artística na nosa comunidade, nesas décadas finais do século XX pode, con toda precisión, fixarse unha década máis tarde, en outubro de 1990, cando se pon en funcionamento a Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Que o labor docente da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (a cuxo equipo docente se incorporarán no transcurso dos anos non poucos artistas *atlánticos*) supuxo un rotundo punto de inflexión na normalización do sistema artístico galego é algo que, no día de hoxe, ninguén cuestiona; todos os estudos históricos que desde entón se realizaron sinalan a data da súa posta en marcha como un verdadeiro punto de non retorno. As primeiras promocións de mozos e mozas artistas que saíron da facultade van marcar o carácter mestizo e cosmopolita dos novos rumbos da creación plástica: o definitivo establecemento dos medios videográficos e fotográficos como un dos principais referentes dos traballos artísticos dos nosos días, a investigación sobre as políticas de xénero e a deconstrución sistemática das retóricas de ocultación e os discursos do poder, a triunfante entrada das tecnoloxías dixitais nas aulas, nos museos e nas salas de exposicións, e unha imparable hibridación de procedementos e linguaxes que puxo en cuestión calquera idea preconcebida acerca das prácticas artísticas e as súas condicións de exhibición ou posta en discurso.

Comeza tamén a facerse visible a presenza feminina nas aulas e nos proxectos expositivos, e dan en tomar unha crecente importancia as cuestións de xénero e a investigación da carga política dos roles



La escena gallega de las artes plásticas conoció durante la década de los ochenta un verdadero florecimiento, una auténtica explosión creativa, con la aparición del grupo Atlántica. Hoy está perfectamente establecido que, en lo tocante a la renovación de las prácticas artísticas en nuestro país, el movimiento Atlántica fue un fenómeno crucial, y 1980 la fecha de un cambio de rumbo que llega hasta hoy mismo.

El otro acontecimiento verdaderamente significativo, para el desarrollo de la actividad artística en nuestra comunidad, en esas décadas finales del siglo XX puede, con toda precisión, fijarse una década más tarde, en octubre de 1990, cuando se pone en funcionamiento la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. Que la labor docente de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra (a cuyo equipo docente se incorporarán en el transcurso de los años no pocos artistas *atlánticos*) supuso un rotundo punto de inflexión en la normalización del sistema artístico gallego es algo que, a día de hoy, nadie cuestiona; todos los estudios históricos que desde entonces se han realizado señalan la fecha de su puesta en marcha como un verdadero punto de no retorno. Las primeras promociones de jóvenes artistas salidos de la facultad marcarán el carácter mestizo y cosmopolita de los nuevos rumbos de la creación plástica: el definitivo establecimiento de los medios videográficos y fotográficos como uno de los principales referentes de los trabajos artísticos de nuestros días, la investigación sobre las políticas de género y la deconstrucción sistemática de las retóricas de ocultación y los discursos del poder, la triunfante entrada de las tecnologías digitales en las aulas, los museos y las salas de exposiciones, y una imparable hibridación de procedimientos y lenguajes que puso en cuestión cualquier idea preconcebida acerca de las prácticas artísticas y sus condiciones de exhibición o puesta en discurso.



Jorge Barbi: *A aldea fantasma*, 2011. © Jorge Barbi, VEGAP, Santiago de Compostela, 2016

sexuais, ambas as realidades escurecidas e veladas nas producións artísticas de décadas anteriores, en gran medida inmersas aínda nun herdado modelo androcático. Moi significativa e esclarecedora resultou neste aspecto a primeira exposición importante centrada no traballo destas novas promocións de artistas, *30 anos no 2000*, que tivo lugar no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela en 1994. Arredor das prácticas docentes da facultade, cobran tamén crecente importancia os programas de bolsas, residencias e intercambios internacionais, que facilitarán a circulación acelerada de correntes plásticas e estratexias conceptuais (moi salientable neste ámbito o importante papel xogado durante estes anos polo MACUF, Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, a través dos seus programas de bolsas, mostras e adquisicións). O proceso, nos seus aspectos máis institucionais, completárase definitivamente coa inauguración en 1993 do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), de aquí en diante peza clave para a consolidación do novo modelo de produción artística. Tamén en 2002 se poñen en marcha os Premios Auditorio de Galicia para Novos Artistas, unha iniciativa que axiña se converteu nunha magnífica ferramenta para consolidar a visibilidade do traballo das novas xeracións de artistas.

Entre un e outro momento, entre o despuntamento de Atlántica e a creación da Facultade de Belas Artes, desenvólvese o traballo dunha serie de artistas de moi distinta procedencia e coas máis diversas propostas estéticas e conceptuais, que loitarán pola visibilidade da súa obra nas condicións adversas dunha terra de ninguén na que lles vai ser difícil atopar sinais de orientación e referencia. Artistas como Jorge Barbi, Carme Nogueira, Simón Pacheco, Pamen Pereira, Isaac Pérez Vicente ou María Ruido (todos eles participantes neste proxecto), que

Comienza también a visibilizarse la presencia femenina en las aulas y en los proyectos expositivos, y a tomar una creciente importancia las cuestiones de género y la investigación de la carga política de los roles sexuales, realidades ambas oscurecidas y veladas en las producciones artísticas de décadas anteriores, en gran medida inmersas todavía en un heredado modelo androcático. Muy significativa y esclarecedora resultó en este aspecto la primera exposición importante centrada en el trabajo de estas nuevas promociones de artistas, *30 años no 2000* (30 años en el 2000), celebrada en el Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela en 1994. En torno a las prácticas docentes de la facultad cobran también creciente importancia los programas de becas, residencias e intercambios internacionales, que facilitarán la circulación acelerada de corrientes plásticas y estrategias conceptuales (muy destacable en este ámbito el importante papel jugado durante estos años por el MACUF, Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa, a través de sus programas de becas, *mostras* y adquisiciones). El proceso, en sus aspectos más institucionales, se completará definitivamente con la inauguración en 1993 del CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), en adelante pieza clave para la consolidación del nuevo modelo de producción artística. Todavía en 2002 se ponen en marcha los Premios Auditorio de Galicia para Novos Artistas, una iniciativa que pronto se convertirá en una magnífica herramienta para consolidar la visibilidad del trabajo de las nuevas generaciones de artistas.

Entre uno y otro momento, entre el despunte de Atlántica y la creación de la Facultad de Bellas Artes, se desarrolla el trabajo de

compartiron enerxías e circunstancias cunha longa lista de creadores que se deron a coñecer neses mesmos anos: Berta Cáccamo, Diego Santomé, Din Matamoro, Tono Carbajo, Xoán Anleo, Antonio Murado, Manuel Vilariño, Xosé Carlos Barros, Bosco Caride, Ángel Cerviño, Manolo Figueiras, Mar Caldas, Guillermo Aymerich, Santiago Mayo, Teo Soriano, Miguel Mosquera, José Artiaga, Rosalía Pazo, Darío Álvarez-Basso, Jesús Valmaseda, Xurxo Oro Claro, Juan de la Colina e tantos outros, cuxa recepción sufriu a sorte máis diversa. Non estarán aquí, por razón de espazo e de capacidade de atención, todos aqueles aos que lles tocou vivir neses tempos —e, en ocasións, inhóspitos— espazos intermedios que se dilataron entre a explosión de Atlántica e o arranque das primeiras promocións de mozos e mozas que saíron da Facultade de Belas Artes. Preferimos centrar a lente no que consideramos algúns dos casos máis significativos deste disgregado conxunto de excepcións, aqueles que ao noso ver mellor nos permitan avanzar no coñecemento dun período fundamental da nosa historia máis recente. Imos fixar a atención nun arco temporal que arranca cos traballos de Jorge Barbi (1950), o máis próximo, cronoloxicamente, ás últimas exposicións *atlánticas*, e pecha con Carme Nogueira (1970), verdadeira artista-ponte (tanto nos aspectos cronolóxicos como no relativo ás súas linguaxes e referencias) coas xeracións posteriores de artistas xa formados na Facultade de Belas Artes. O resultado será tan heteroxéneo e multifacético como o son as súas propias propostas estéticas. Así, podemos ver nesta exposición toda clase de linguaxes, estratexias e xéneros plásticos: pintura, fotografía, instalación, vídeo, escultura, arte sonora e todas as súas promiscuas contaminacións; o feito de non ter acotado temporalmente a selección de obras vainos permitir ademais enfrontarnos a pezas creadas especificamente para esta exposición, xunto con outras realizadas hai dúas ou tres décadas: seremos testemuñas de como as ideas viven, e se ramifican no tempo (nos tempos), sen respectaren as ríxidas cronoloxías.


Creadores que comparten moi poucas propostas, agás quizais a conciencia do desgaste do imaxinario expresionista, identitario e antropolóxico que durante os anos previos á súa eclosión dominara o ámbito internacional (e o local) da plástica do momento; artistas especialmente sensibles ao retorno das correntes conceptuais e minimalistas; artistas renitentes a calquera ordenación de carácter grupal ou xeracional (moi acertadamente foron denominados nalgũa ocasión como *xeración sen xeración*); en definitiva, artistas que xa só poden buscar respostas individuais nun mundo dominado pola ausencia de rumbos predeterminados, e no que a desorientación se ve sobredimensionada polo exceso de información. As consecuencias de todo isto vanse observar con claridade nos traballos de todos estes artistas: adelgazamento dos códigos e implosión dos xéneros, incorporacións flagrantes do obxectual e o audiovisual en detrimento do absoluto dominio do pictórico nas prácticas artísticas da década anterior; fotografía, pintura expandida, vídeo e tecnoloxías dixitais, e —máis do que ningunha outra cousa— autoconciencia do feito artístico e da incontrolable promiscuidade de linguaxes, serán desde o principio as características máis visibles deste desagrupado grupo de artistas. Cada un deles asumirá á súa

una serie de artistas de muy distinta procedencia y con los más diversos planteamientos estéticos y conceptuales, que lucharán por sacar adelante su obra su obra en las condiciones adversas de una tierra de nadie en la que les será difícil encontrar señales de orientación y referencia. Artistas como Jorge Barbi, Carme Nogueira, Simón Pacheco, Pamen Pereira, Isaac Pérez Vicente o María Ruido (todos ellos participantes en este proyecto), que compartieron energías y circunstancias con una larga lista de creadores que se dieron a conocer en esos mismos años: Berta Cáccamo, Diego Santomé, Din Matamoro, Tono Carbajo, Xoán Anleo, Antonio Murado, Manuel Vilariño, Xosé Carlos Barros, Bosco Caride, Ángel Cerviño, Manolo Figueiras, Mar Caldas, Guillermo Aymerich, Santiago Mayo, Teo Soriano, Miguel Mosquera, José Artiaga, Rosalía Pazo, Darío Álvarez-Basso, Jesús Valmaseda, Xurxo Oro Claro, Juan de la Colina y tantos otros, cuya recepción ha sufrido la suerte más diversa. No estarán aquí, por razón de espacio y de capacidad de atención, todos aquellos a los que les ha tocado trabajar en esos tempos —y, en ocasiones, inhóspitos— ámbitos intermedios que se dilataron entre la explosión de Atlántica y el arranque de las primeras promociones de jóvenes salidos de la Facultad de Bellas Artes; hemos preferido centrar la lente en lo que consideramos algunos de los casos más significativos de este desagrupado conjunto de excepciones, aquellos que a nuestro juicio mejor nos permitan avanzar en el conocimiento de un período fundamental de nuestra historia más reciente. Fijaremos nuestra atención en un arco temporal que arranca con los trabajos de Jorge Barbi (1950), el más próximo, cronológicamente, a las últimas exposiciones *atlánticas*, y se cierra con Carme Nogueira (1970), verdadera artista-puente (tanto en los aspectos cronológicos como en lo relativo a sus lenguajes y referencias) con las generaciones posteriores de artistas ya formados en la Facultad de Bellas Artes. El resultado será tan heterogéneo y multifacético como lo son sus propios planteamientos estéticos. Así podemos ver en esta exposición toda clase de lenguajes, estrategias y géneros plásticos: pintura, fotografía, instalación, vídeo, escultura, arte sonoro y todas sus promiscuas contaminaciones; el hecho de no haber acotado temporalmente la selección de obras nos permitirá además enfrontarnos a piezas creadas especificamente para esta exposición, junto con otras realizadas hace dos o tres décadas: seremos testigos de cómo las ideas viven, y se ramifican en el tiempo (en los tiempos), sin respetar las rígidas cronologías.

Creadores que comparten muy pocos planteamientos, salvo quizá la conciencia del desgaste del imaginario expresionista, identitario y antropológico que durante los años previos a su eclosión había dominado el ámbito internacional (y el local) de la plástica del momento; artistas especialmente sensibles al retorno de las corrientes conceptuales y minimalistas; artistas reacios a cualquier ordenación de carácter grupal o generacional (muy acertadamente fueron denominados en alguna ocasión como *generación sin generación*); en definitiva, artistas que ya solo pueden buscar respuestas individuales en un mundo dominado por



Isaac Pérez Vicente: From the polyptych *Declonolhypalénehyrpholé...*, 2015




maneira o novo espírito da época, a expansión do obxecto plástico, e o autocuestionamento do propio concepto de arte, decantándose sen remedio —desde os seus moi diferentes puntos de partida— polo que Alberto Ruiz de Samaniego definirá, en relación co grupo de artistas activos nesta década, como “a ampliación do campo artístico e a expansión do obxecto plástico, (...) optando abertamente pola ruptura dos códigos de representación uniformes e polo xogo caracteristicamente posmoderno da intertextualidade, a máscara, a ironía e a intermitencia entre alta e baixa cultura, fronte a calquera pretensión de construción dunha identidade”.

Multipliación de linguaxes que se afirma gozosamente no gusto polo fragmentario e a colaxe ahistórica de propostas. Artistas irremediamente seducidos polo estatuto vibrátil e escorregadizo da imaxe, ese que sitúa sempre nunha rede de anotacións cruzadas (*entre parénteses imantadas*) calquera opción ou posibilidade de sentido. Investigamos o tempo histórico no que comezan a facerse visibles profundas fisuras na percepción da arte como esfera separada (e na percepción da realidade como tecido uniforme), acompañadas dun cambio radical nas estratexias de representación, que se tornarán xa irreversiblemente indirectas, elípticas e esquivas. Ese é o territorio que pretende explorar a exposición *Agrupar_Desagrupar*: detallar, ata onde resulte posible, como tan radical cambio de paradigma foi vivido en primeira persoa por un grupo de artistas, que pouco máis tiñan en común que a responsabilidade desa inxente tarefa, e a firme determinación de a levar a cabo cada un cos seus medios técnicos e as súas ferramentas intelectuais.

Paradigmática e claramente representativa de moitas das rupturas formais, ideolóxicas e conceptuais que ata aquí viñemos enunciando, resulta a obra de **Jorge Barbi**, polo menos desde a súa fulgurante irrupción no contexto da xa politicamente conflitiva VII Bienal

la ausencia de rumbos predeterminados, y en el que la desorientación se ve sobredimensionada por el exceso de información. Las consecuencias de todo esto se observarán con claridad en los trabajos que se muestran en esta exposición: adelgazamiento de los códigos e implosión de los géneros, incorporaciones flagrantes de lo objetual y lo audiovisual en detrimento del absoluto dominio de lo pictórico en las prácticas artísticas de la década anterior; fotografía, pintura expandida, vídeo y tecnologías digitales, y —más que ninguna otra cosa— autoconciencia del hecho artístico y de la incontrolable promiscuidad de lenguajes, serán desde el principio las características más visibles de este desagrupado grupo de artistas. Cada uno de ellos asumirá a su manera el nuevo espíritu de la época, la expansión del objeto plástico, y el autocuestionamiento del propio concepto de arte, decantándose sin remedio —desde sus muy diferentes puntos de partida— por lo que Alberto Ruiz de Samaniego definirá, en relación con el grupo de artistas activos en esta década, como “la ampliación del campo artístico y la expansión del objeto plástico, (...) optando abiertamente por la ruptura de los códigos de representación uniformes y por el juego caracteristicamente posmoderno de la intertextualidad, la máscara, la ironía y la intermitencia entre alta y baja cultura, frente a cualquier pretensión de construcción de una identidad”.

Multipliación de lenguajes que se afirma gozosamente en el gusto por lo fragmentario y el *collage* ahistórico de propuestas. Artistas irremediamente seducidos por el estatuto vibrátil y escurridizo de la imagen, ese que sitúa siempre en una red de acotaciones cruzadas (*entre paréntesis imantados*) cualquier opción o posibilidad de sentido. Investigamos el tiempo histórico en el que comienzan a visibilizarse profundas fisuras en la percepción del arte como esfera separada (y en la percepción de la realidad como tejido uniforme), acompañadas de un cambio radical en las estrategias de representación, que se tornarán ya irreversiblemente indirectas, elípticas y elusivas. Ese es el territorio que pretende explorar la exposición, *Agrupar_Desagrupar*: detallar, hasta



Internacional de Arte de Pontevedra de 1988 (desenvolvida no medio da loita partidista entre a deputación e os concellos que a piques estivo de acabar co proxecto da bienal, catástrofe anunciada que se cumprirá só uns poucos anos máis tarde), na sede descentralizada de Baiona, espazo que compartirá co escultor *atlántico* Ignacio Basallo. Nesa exposición están xa presentes algunhas das que chegarán a ser consideradas máis adiante obras fundamentais no conxunto da súa traxectoria creativa (*Pasos, No hay nada delante de tus ojos* [Non hai nada diante dos teus ollos], *Caballo formado con excremento de caballo* [Cabalo formado con excremento de cabalo], ou o proxecto de observatorio para o bico do monte Niño do Corvo no Rosal, entre outras), e aí quedarán tamén establecidos, postos en obra, os sólidos postulados éticos e estéticos que rexerán o seu traballo nas vindeiras décadas: a súa entrega sen miramentos ao instante fugaz do achado e a contemplación, e os parellos esforzos por fixar artisticamente esa faísca do encontro e a revelación; a intensa relación física e simbólica co territorio; o paulatino abandono de toda retórica formalista, e incluso matérica, para se centrar exclusivamente no proceso, pero non xa unicamente no proceso de creación artística senón no puro transcorrer da existencia e os seus tortuosos camiños; e un empeño cada vez máis intenso e pormenorizado por obxectivar a profundidade temporal —histórica e simbólica— dos espazos naturais (“restos megalíticos, castrexos, medievais, ruínas recentes, muíños abandonados, depósitos de lixo da aldea...”), interese que culminará coa serie fotográfica *El final aquí* (O final aquí, 2003-2008), na que vai rexistrar moitos dos lugares en que se levaron a cabo fusilamentos clandestinos de cidadáns desafectos ao golpe militar do xeneral Franco, durante a guerra civil e os primeiros anos da posguerra, como nun intento de apreixar a última luz, o último lampo de vida que recibiron os ollos do asasinado. En *Agrupar_Desagrupar*, Barbi sitúanos ante un repertorio de imaxes de intencionalidade máis nitidamente política, orientadas estratéxicamente cara á denuncia das perversidades diso que demos en chamar *políticas culturais*, ou “cultura administrada” (como se acabará titulando unha das súas últimas obras).



donde resulte posible, cómo tan radical cambio de paradigma fue vivido en primera persona por un grupo de artistas, que poco más tenían en común que la responsabilidad de esa ingente tarea, y la firme determinación de llevarla a cabo cada uno con sus medios técnicos y sus herramientas intelectuales.

Paradigmática y claramente representativa de muchas de las rupturas formales, ideológicas y conceptuales que hasta aquí hemos venido enunciando, resulta la obra de **Jorge Barbi**, al menos desde su deslumbrante irrupción en el contexto de la ya políticamente conflictiva VII Bienal Internacional de Arte de Pontevedra de 1988 (desarrollada en medio de la lucha partidista entre la diputación y los ayuntamientos que a punto estuvo de dar al traste con el proyecto de la bienal, catástrofe anunciada que se cumplirá solo unos pocos años más tarde), en la descentralizada sede de Baiona, espacio que compartirá con el escultor *atlántico* Ignacio Basallo. En esa exposición están ya presentes algunas de las que llegarán a ser consideradas más adelante obras fundamentales en el conjunto de su trayectoria creativa (*Pasos, No hay nada delante de tus ojos, Caballo formado con excremento de caballo*, o el proyecto de observatorio para la cima del monte Niño do Corvo en O Rosal, entre otras), y ahí quedarán también establecidos, puestos en obra, los sólidos postulados éticos y estéticos que regirán su trabajo en las próximas décadas: su entrega sin miramentos al instante fugaz del hallazgo y la contemplación, y los parejos esfuerzos por fijar artísticamente esa chispa del encuentro y la revelación; la intensa relación física y simbólica con el territorio; el paulatino abandono de toda retórica formalista, e incluso matérica, para centrarse exclusivamente en el proceso, pero no ya únicamente en el proceso de creación artística sino en el puro transcurrir de la existencia y sus tortuosos caminos; y un empeño cada vez más intenso y

A figura de Raymond Roussel que preside, desde a súa sistemática delirante, o conxunto de obras que **Isaac Pérez Vicente** presenta en *Agrupar_Desagrupar*, na súa gran maioría producidas especificamente para esta exposición. En todas elas o mecanismo recadador-montador que as goberna (“utilizo as frases da mesma forma que adoito utilizar as imaxes, é dicir, descontextualizándoas para as retomar noutro tipo de discurso; interésame sobre todo a súa ambigüidade”) responde a regras que parecerían ditadas polo propio Roussel, requisitos e protocolos destinados fundamentalmente a xustificar a necesidade de sistematizar o absurdo, de o someter a categorías e esquema, para con iso desactivar —ou polo menos minorar— a enlouquecedora abundancia do mundo, aínda que isto non faga outra cousa á fin que multiplicar o despropósito.

En último termo, situarse fronte ao conxunto de obras que Isaac Pérez Vicente presenta no CGAC, evidencia, máis unha vez, que estamos —por riba de todo e máis do que ningunha outra cousa— perante un hábil manipulador de imaxes; para el a imaxe é o reino da liberdade, a fenda que se abre no espazo do preconcebido, a vía de acceso á posibilidade dunha nova configuración do perceptible, o pensable, o dicible... e o factible. Máis do que ningunha outra, é a experiencia da arte ou, mellor aínda, a experiencia das prácticas artísticas, a que pon en escena —demostra performativamente— a posibilidade dunha reorganización do réxime de dispoñibilidade das ideas e os conceptos, e ábreo a novas formas de contemplar os homes e o mundo. Música, xogos de linguaxe, e unha sutil manipulación (o coñecido *détournement* das estratexias situacionistas) dos contextos en que as imaxes actúan, móstransenos como algunhas das principais claves do traballo plástico de Isaac Pérez Vicente, un denso universo de relacións cruzadas no que se superpoñen as capas de significado: láminas transparentes de sentido, ás que a historia das formas e das ideas estéticas lles outorga unha especial fondura de referencias que multiplican exponencialmente as opcións de lectura, e as abre a novas posibilidades de diálogo.

O “concepto ampliado da arte” fixado por Beuys e a súa principal consecuencia práctica: a “plástica social” (o traballo do artista imbricado na trama das forzas políticas e económicas que nos gobernan, sumándose aos esforzos por unir enerxías e forzas individuais, implicándose na loita por rexenerar o corpo social e liberar as forzas da creatividade) son sen dúbida algúns dos vectores que hai que ter en conta á hora de lles prestar atención aos traballos dos artistas presentes nesta exposición. Isto é algo particularmente notorio nas intervencións en espazos públicos e as accións de **Carme Nogueira**.


Desvelar espazos conflictivos que os discursos do poder nos impiden percibir como tales é o eixe arredor do cal xira a actividade artística de Carme Nogueira; o espectador que pase a través da súa obra (porque nas súas obras o espectador é sempre a peza fundamental da instalación) verase confrontado, queira que non queira, á problematización da súa experiencia diaria: os seus paseos, a súa relación física e simbólica coas áreas urbanas máis habituais, os seus circuitos cotián-existenciais, as condicións de habitabilidade espiritual do seu contorno, ou calquera outro aspecto mínimo e desapercibido

